



Resolución reitoral de 7 de xullo de 2026 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade do persoal da Universidade da Coruña a países asociados.

Mediante resolución reitoral de 29 de abril de 2026, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade do persoal da Universidade da Coruña a países asociados e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2026/27.

O 30 de xuño de 2026 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentaron alegacións.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

RESOLVE:

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas a países asociados entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 23 de xuño de 2026, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, e informarles que deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización

ANEXO I. Relación de beneficiarios

PROGRAMA	NOME	DATA INICIO PREVISTO	DATA FIN PREVISTO	INSTITUCIÓN DESTINO	PAIS DESTINO	CENTRO UDC	DÍAS FINANCIADOS	AXUDA INDIVIDUAL MAX. PREVISTA	AXUDA VIAXE	BOLSA MAX. TOTAL PREVISTA
Erasmus+Partner Countries-STT	Rodríguez, Patricia	14/12/2026	18/12/2026	Universidad Adolfo Ibañez	Chile	Reitoría	7	1330	1735	3065
Erasmus+Partner Countries-STT	Barreira, Jesús Manuel	31/08/2026	04/09/2026	Universidade de Santa Cruz do Sul (UNISC)	Brazil	Servizos Informáticos	7	1330	1735	3065